



*Fundación Castelao*

## CICLO CONFERENCIAS SOBRE A FIGURA DE CASTELAO

Lalín, do 18 ao 21 de outubro de 2016

Museo Ramón María Aller. Rúa Ramón Aller, nº 9

Entre os obxectivos da Fundación Castelao está o de estimular e favorecer a cultura galega, poñendo en valor a capacidade analítica de Castelao nos aspectos social, político e cultural, sen que esta capacidade analítica se limite a unha simple contemplación do pasado, senón proxectando esa análise no presente, na Galicia de hoxe.

É por iso polo que a Fundación Castelao, en colaboración co Concello de Lalín e de persoas de recoñecido prestixio, desenvolve este ciclo de conferencias que terán lugar no Concello de Lalín entre os días 18 e 21 de outubro, e no que intervirán Encarna Otero Cepeda (Profesora de Historia), Xusto Beramendi González (Catedrático de Historia Contemporánea), Miguel Anxo Seixas (Doutor en Historia da Arte) e Carlos Mella Villar (Presidente da Fundación Castelao).

<i>Día</i>	<i>Hora</i>	<i>Actividade</i>
<i>Martes 18</i>	<i>20.30 h.</i>	<i>Conferencia: O pensamento económico de Castelao. Carlos Mella Villar.</i>
<i>Mércores 19</i>	<i>20.30 h.</i>	<i>Conferencia: Castelao e o nacionalismo galego. Xusto Beramendi González.</i>
<i>Xoves 20</i>	<i>20.30 h.</i>	<i>Conferencia: Cousas da vida: Castelao artista. Miguel Anxo Seixas Seoane.</i>
<i>Venres 21</i>	<i>20.30 h.</i>	<i>Conferencia: Castelao e o mundo da muller. Encarna otero Cepeda.</i>

A entrada, como en todas as actividades da Fundación Castelao, é de balde, polo que calquera persoa pode ser beneficiaria das actividades da entidade.



*Fundación Castelao*

A persoa responsable da súa organización e celebración é o presidente da Fundación Castelao, José Carlos Mella Villar (33.017.682 D)

O Director do Ciclo de Conferencias é o Catedrático de Historia Contemporánea da Universidade de Santiago, Xusto Beramendi González.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2016  
Carlos Mella,  
Presidente da Fundación Castelao

The image shows a handwritten signature in blue ink on the left, which appears to be 'Mella'. To its right is a circular blue ink stamp. The stamp contains the text 'FUNDACIÓN CASTELAO' at the top and 'SANTIAGO DE COMPOSTELA' at the bottom, with a central emblem consisting of a cross and a figure.